



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL NO CONCELLO DE PADRÓN NO ANO 2023 'NADAL NA RÚA'

O Concello de Padrón, coa intención de animar o rueiro do municipio na tempada de Nadal, propón a continuación do concurso de decoración de Nadal de balcóns, ventás, escaparates, fachadas, xardín ou elementos exteriores e visibles dende a rúa de todo o municipio padronés, tanto no seu casco histórico coma nas zonas próximas.

Primeira. Finalidade.

Promocionar e enxalzar a beleza do rueiro e do patrimonio arquitectónico da vila de Padrón na tempada de Nadal, así como dinamizar a participación activa do comercio, da hostalería e da restauración do Concello para contribuír á imaxe global dun Padrón máis atractivo, tanto para a poboación local como para as persoas visitantes.

Segunda. Obxectivos

Os principais obxectivos da convocatoria deste concurso son:

- Colaborar na creación dun escenario de Nadal na localidade Padrón.
- Enxalzar a beleza do rueiro de Padrón e do seu patrimonio arquitectónico coa colocación de elementos decorativos de Nadal.
- Convidar á poboación á participación activa do embelecemento da área para contribuír á imaxe global positiva

Terceira. Características

As decoracións deberán estar visibles dende a vía pública.

O período de exhibición das decoracións debe transcorrer do 11 de decembro do 2023 ao 6 de xaneiro do 2024 ambos incluídos.

As creacións decorativas non poderán interromper á actividade cidadá cotiá nin causar perigo ás persoas, vehículos ou bens. Non se poderá realizar ocupación da vía pública.

Cuarta. Participantes

Poderán tomar parte no concurso todas aquelas persoas maiores de 18 anos de idade que o desexen: persoas encargadas da xestión de empresas de comercio e hostalería e/ou persoas que representen a algún colectivo, asociación sen ánimo de lucro, entidade cultural ou centro educativo que cumprimenten o formulario de inscrición, aceptando as bases do concurso. Establecéronse dúas categorías:

- Empresas
- Asociacións sen ánimo de lucro, colectivos, entidades culturais ou centros educativos de Padrón

Quinta. Inscricións

A inscrición será de balde e realizarase na Oficina de Turismo de Padrón situada na planta baixa da Biblioteca Municipal, na Avenida de Compostela s/n, ou no correo electrónico turismo@padron.gal como data máxima o venres 1 de decembro do 2023.

Sexta. Xurado

O xurado estará composto por persoas familiarizadas coa materia, e emitirán o seu veredicto unha vez finalizado o evento.

As persoas integrantes do xurado outorgarán os premios segundo a valoración que fagan cos seguintes criterios:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

originalidade/creatividade na ornamentación (ata cinco puntos), inclusión de elementos de identidade local (ata cinco puntos) e emprego de materiais de refugallo ou eco-sostibles (ata cinco puntos).

O 14 de decembro de 2023 as persoas integrantes no xurado fará a valoración. No caso de que o día se teña que modificar, por mor do mal tempo, publicarase a nova data nas redes sociais de Padrón Turismo.

Sétima. Premios

Os premios do concurso serán:

- Premio a empresas:

- Primeiro premio: Diploma e 250€
- Segundo premio: Diploma e 150€
- Terceiro premio: Diploma e 100€

- Premio á decoración realizada por asociacións sen ánimo de lucro, colectivos, entidades culturais ou centros educativos de Padrón:

- Diploma e 200€
- Diploma e 100€

O importe dos premios quedará suxeito ás retencións fiscais que marque a Lei.

Oitava. Condicións de participación

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases así como a decisión do xurado.

Autorízase á organización a realizar e publicar cantas fotografías se consideren oportunas nos diferentes medios (prensa, redes sociais, etc.), como apoio á difusión e promoción do evento.

Solicítase ás persoas participantes que envíen ata 2 fotografías da decoración, unha de día e outra de noite, vía correo electrónico a turismo@padron.gal ata o 12 de decembro de 2023 inclusive.

As contías dos premios serán consumidas no comercio e hostalaría local. As persoas gañadoras terán ata o 30 de xaneiro de 2024 para realizar o gasto e presentar os recibos das súas compras na Oficina de Turismo. No caso de non presentar os recibos ou non gastar todo o premio, o Concello de Padrón solicitará o reembolso do mesmo.

Máis información na Oficina de Turismo de Padrón, correo electrónico: turismo@padron.gal e no teléfono 646 59 33 19.